

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA O SEGUIMENTO POR PARTE DESTA CORPORACIÓN DO ESTADO DE CONTAMINACIÓN DO ENCORO DO UMIA, A VALORACIÓN DA AFECTACIÓN E A ESIXENCIA DE SOLUCIÓNS Á XUNTA DE GALICIA

Ao Pleno Municipal da Corporación de Cuntis

Cuntis, 28 de agosto de 2020

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O día 16 de xullo de 2020 a Consellaría de Medio Ambiente decretaba a alerta por contaminación no Encoro do Umia debido á proliferación de cianobacterias. Tal e como indica a propia Xunta de Galicia na súa plataforma de medición ambiental Gaia, *“as proliferacións de cianobacterias constitúen un problema medioambiental e sanitario”*. As cianobacterias son, segundo a definición da propia Consellaría nesa mesma plataforma, *“microorganismos pertencentes ao grupo das bacterias pero que teñen características parecidas ás algas microscópicas e son capaces de realizar a fotosíntese como as plantas. Tamén son coñecidas como algas verdeazuladas. Son capaces de producir sustancias tóxicas para o home, velaí a súa importancia”*.

Esta situación vense repetindo cada verán dende fai máis dunha década. O estado de abandono ao que a Xunta de Galicia someteu ao río Umia, ao encoro da Baxe e ás parroquias da contorna queda en evidencia na consideración deste encoro como o problema medioambiental máis grave da comarca. As promesas incumplidas e investimentos non realizados do Plan Umia representan as que dende o primeiro momento foron as verdadeiras intencións da Xunta de Galicia de Manuel Fraga con este proxecto: a privatización do río mediante atentado ecolóxico para beneficio privado, sen escatimar en todo tipo de enganar, mentiras e abusos de poder contra os/as veciños e propietarios dos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña.

A día de hoxe, o estado do encoro non adoita acaparar máis atención que a das semanas do verán nas que a cor verde da auga actualiza a indignación e a incredulidade veciñal. Augas de Galicia ten decretada unha absoluta deixazón de funcións a respecto do problema de contaminación. A afectación para o noso concello non se limita á cuestión ecolóxica ou de calidade das augas, motivo máis que suficiente para expoñer unha posición moito máis enérxica por parte da administración local que a que vén mantendo. O abandono e a contaminación do encoro do Umia representa, para Cuntis, tamén un prexuízo económico. Impide o desenvolvemento de proxectos de lecer vencellados ao entorno fluvial, restrinxe actividades acuáticas no río e dificulta a creación e desenvolvemento de rutas e sendeiros que poderían representar un importante potencial turístico.

Entender que o entorno fluvial do Umia, incluídas as marxes do propio encoro, poden representar un atractivo natural no que desenvolver iniciativas económicas é o primeiro paso para esixir unha rexeneración máis alá dos motivos ambientais. Existen múltiples exemplos de municipios que aproveitan as posibilidades tanto de encoros como dos ecosistemas da súa contorna, pero para isto a auga non pode presentar unha alerta por contaminación nin debe ser obxecto do abandono ao que foi sometido o encoro do Umia. Lamentablemente, en Cuntis atopámonos cunha situación que impide o desenvolvemento deste aproveitamento, tanto dende a administración pública como dende a iniciativa privada. En coherencia coas adhesións feitas a redes e entidades supramunicipais que teñen a sostibilidade como eixo vertebrador, o Concello de Cuntis debe actuar en consecuencia para dotar de credibilidade eses protocolos.

O potencial turístico que pode presentar Cuntis está evidentemente vencellado á natureza, e mesmo unha infraestrutura das desgraciadas características do encoro do Umia podería supoñer unha oportunidade. O posicionamento como destino nesta materia complementaríase se existise a posibilidade de aproveitar este espazo.

Por todo o exposto, instamos ao pleno da Corporación á adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao Goberno Local á elaboración dun informe no que detalle a afectación e prexuízos económicos que a contaminación do encoro do Umia supón no desenvolvemento do potencial turístico de Cuntis
2. Trasladar á Consellaría de Medio Ambiente esta afectación e os impedimentos descritos
3. Esixirlle á Xunta de Galicia a solución definitiva á contaminación do encoro do Umia e a rexeneración dos espazos agredidos
4. Retomar os contactos cos concellos de Caldas de Reis e Moraña nesta materia para reactivar unha fronte común en defensa do río e da salubridade das augas. Procurar o apoio da Deputación de Pontevedra neste ámbito
5. Dar traslado á Consellaría de Medio Ambiente e á Presidencia da Xunta de Galicia da aprobación desta iniciativa e solicitar unha reunión cos responsables das áreas implicadas a fin de procurar solucións que impidan que a alerta por contaminación se repita cada verán
6. Convocar cunha periodicidade adecuada (a que se estime por acordo dos grupos municipais) a Comisión Informativa de Medio Ambiente desta Corporación para facer seguimento do estado do encoro, especialmente nos meses de verán.

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López